



## **POLA ESQUERDA CONFLUÍNTE**

candidatura para a XIII asemblea nacional

Nos últimos anos a nosa organización non está a soportar as tensións derivadas dun ciclo electoral constante e os efectos no sanitario, pero tamén no socioeconómico, dunha pandemia sen precedentes.

As asembleas de base están desactivadas, a militancia non ten un fío condutor coherente sobre o que artellar a construción dun bloque social e político de esquerdas que sirva de transformación da sociedade capitalista que nos abafa.

Esta candidatura preséntase co fin de, ante un tempo novo, sen perder a identidade e concordando na liña política, establecer novas accións políticas que poidan, dende unha lectura real do contexto obxectivo da situación social, e subxectivo das capacidades reais da nosa organización, revertir o que parece un camiño sen retorno que nos pode devolver aos tempos máis escuros de Esquerda Unida, sen representación nin forza nas rúas nin nas institucións, illados e irrelevantes.

É precisa unha autocrítica construtiva. É de recoñecer o papel desenvolvido dende a secretaría de organización dende o ano 2012 nos diferentes procesos negociadores. É de xustiza, sen rancor e con respecto, poñer en valor o papel da actual ministra de traballo para chegar a niveis de recoñecemento sen precedentes nos anos de AGE e Galicia en Común, a nosa influencia política nos comités de empresa, nas entidades, no tecido social do país. É lóxico gabarse do traballo no institucional que desenvolveron a nivel parlamentario e de concellos os nosos cargos institucionais. É un orgullo ver a militancia a pé de rúa e momentos complexos para a mobilización. Pero é preciso un cambio, facer o mesmo conduce os mesmos camiños; a organicidade estanca, a ruptura de pontes con quen deben ser os nosos aliados e o afastamento do municipalismo conducen ao risco mesmo de desaparición da organización, ou a unha minimización que desmotive á militancia e busquen outras ferramentas para a transformación social.

Son obxectivos desta candidatura:

1.- Recuperar á militancia e as asembleas de base, que sexan actores principais nos modelos de participación política que se estruturen, con campañas de afiliación e actos políticos a pé de rúa, non de autoconsumo complaciente, que a militancia se teña como parte do dique necesario ante o avance da ultradereita.

2.- Tender pontes e abrir unha negociación constante e fluída, sen ningún prexuízo nin apertura de contas pendentas, cos aliados naturais dun bloque que aspira a ser hexemónico na conxunción da esquerda federal e nacionalista, sen perder a nosa propia identidade, pero con lealdade, con traballo de base constante, co espírito de Mazarelos, e non coa vista posta unicamente en citas coas urnas e acordos para a conformación de listas electorais, senon no traballo cotiá coa clase obreira, en concentracións, manifestacións, e mesas permanentes de actuación política.

3.- Volver a por en valor o municipalismo, esencia mesma de Esquerda Unida dende a súa creación, non entendido como a representación institucional, que tamén, se non co traballo máis achegado á sociedade, o máis vencellado ás asociacións veciñais, culturais, deportivas, ás organizacións sindicais, organizacións feministas, ás plataformas reivindicativas, ás que loitan contra a especulación co noso territorio e a favor do medio ambiente.

Estas tres vías son esenciais para que non esmorezamos e prosigamos nunha política orgánica e maniqueísta na que todos perversos menos nós. É preciso un novo ciclo para superar o esgotamento ao que está sometida non só a militancia, se non a sociedade no seu conxunto, que, pese a un goberno de progreso, continúa a ver como a creba social non mingua se non o contrario, como o lexislativo continúa a agredir co BOE á clase traballadora e como, no noso país, a dereita máis rancia continúa impunemente a practicar políticas privatizadoras que impulsan o reparto entre uns poucos da riqueza nacional e esnaquizan a ambición dun cambio que anule o capitalismo, última aspiración política da esquerda.

## CANDIDATAS

- 1.- Jorge Suárez Fernández. Concelleiro EU Ferrol
- 2.- María Rozas Pérez. Concelleira EU Compostela
- 3.- Juan Fajardo Recouso. Concelleiro EU Vilagarcía
- 4.- Aurora Prieto Gago. Concelleira goberno Cangas
- 5.- Suso Basterrechea López. Concelleiro EU Ferrol
- 6.- Noa Morales Sánchez. Coordinadora local EU Compostela
- 7.- Ana Belén González Basanta. Coordinadora local EU Ferrol
- 8.- Benjamín Gutiérrez Huerta. Coordinador local EU Morrazo, militante do PCG
- 9.- Fernando Ríos Rodríguez. Coordinador local Vilagarcía Arousa
- 10.- Sari Alabau Albors. Militante do PCG
- 11.- Víctor Ledo Suárez. Militante do PCG
- 12.- Paula Faraldo Casal. Militante EU
- 13.- Ricardo Ledo Suárez. Militante do PCG
- 13.- Francisco Manuel Prieto Magdalena. Militante EU
- 14.- María del Mar Sobrín Sueiras. Militante EU
- 15.- Santiago Eloy Díaz Gómez. Militante EU
- 16.- Sara García Mato. Militante EU
- 17.- Vicente Vázquez Freire. Militante EU
- 18.- Rosa Suárez Vidal. Militante Eu
- 19.- Manuel Gil Cervera. Militante EU
- 20.- María Jesús Durán Rodríguez. Militante EU
- 21.- Xesús Díaz Díaz. Militante do PCG